

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Decreto 426/1991, do 12 de decembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo determina, no seu artigo cuarto, que constitúen elementos integrantes do currículo os obxectivos, contidos, métodos e criterios de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades nos que se organiza a práctica educativa. Establece tamén que lle corresponde ó Goberno fixar os aspectos básicos do currículo ou ensinanzas mínimas para todo o Estado, mentres é competencia das administracións educativas establecerlo currículo. Polo tanto, unha vez fixados os elementos básicos das ensinanzas mínimas polo Real decreto 1.330/1991, do 6 de setembro e tal e como se recolle no título preliminar da LOXSE (artigo 4, punto 3) correspóndelle á Administración educativa galega establecerlo currículo para o ámbito da súa competencia.

O currículo que se establece ten un carácter aberto e flexible co fin de permiti-la súa adecuación á realidade do contexto socioeconómico e cultural de cada centro escolar e responder, así mesmo, á diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos e das alumnas, implicando activamente o profesorado no seu desenvolvemento e concreción.

Deste xeito, cobra un especial interese o traballo en equipo dos profesores, que terán que contextualizar e pormenorizar os obxectivos e contidos propostos no deseño curricular base, así como os medios para alcanzalos, sempre referidos ó seu contexto específico. Esta determinación e concreción desenvolvida a través dos equipos docentes referirase fundamentalmente á secuenciación por ciclos, á determinación dos criterios de avaliación, ás adaptacións curriculares e á metodoloxía e actividades elixidas. Estas decisións, materializadas nos correspondentes proxectos curriculares de centro, constituirán o referente fundamental para a elaboración das programacións nas que se expresarán os procesos de educación que cada profesor se propón desenvolver no seu grupo-clase, concretando a secuenciación de contidos, a metodoloxía e as actividades didácticas.

As orientacións e maila normativa que, como desenvolvemento do presente decreto, dicte a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, contribuirán a orientar e guía-la práctica curricular do profesorado.

Os obxectivos xerais desta etapa educativa establecen as capacidades que se espera que adquiran os nenos e as nenas ó finalizar esta. Os obxectivos xerais constitúen, polo tanto, o principal referente do profesor á hora de planifica-la súa práctica educativa.

As necesidades de desenvolvemento persoal, por unha parte, e as demandas sociais e culturais por outra, esixen un currículo no que a educación abrangue tódolos aspectos das capacidades e do desenvolvemento das persoas, de aí que se explicita a diferenciación dos contidos en tres apartados: conceptuais, de procedemento e de actitudes, permitindo que a escola actúe dun xeito consciente sobre aspectos que tradicionalmente subxacían na programación de maneira non planificada.

Os contidos referidos a unha determinada área non vehiculan unicamente obxectivos circunscritos a esa área; un mesmo contido pode desenvolver obxectivos diferentes e localizados en distintas áreas, da mesma maneira que varios contidos poden confluír nun mesmo obxectivo.

Os contidos agrúpanse en bloques que de ningunha maneira deben entederse como unidades temáticas nin como presentación secuenciada dos contidos que se van traballar. A organización dos bloques de contidos en tres apartados, conceptuais, de procedemento e de actitudes ten a finalidade de presentar de forma analítica uns contidos de diferente natureza que poden e deben estar presentes nas diferentes unidades didácticas en distintos momentos e mediante diferentes actividades. Polo tanto, os proxectos e programacións curriculares que realicen os equipos docentes incluírán os tres tipos de contidos.

A educación infantil como primeira etapa do sistema educativo adquire sentido a partir das finalidades que sinala a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, que corresponde cos niveis e proceso de desenvolvemento propios dos nenos e das nenas desde o seu nacemento ata os seis anos. Este desenvolvemento é o resultado de complexas interaccións que se establecen entre os constituintes biolóxicos da persoa e maila experiencia que esta recibe no seu medio físico e social. A escola ofrécelle á criatura non só a posibilidade de interactuar cos adultos, senón tamén con outros nenos e nenas. Nas interaccións constitúense importantes experiencias e oportunidades de aprender.

Sen embargo, e dada a curta idade destes pequenos e pequenas, a implicación da familia no proceso educativo é imprescindible e será o equipo docente o que estableza as canles máis axeitadas para conseguir unha comunicación fluída e frecuente e a participación dos pais e das nais nas actividades que consideren oportunas.

A educación infantil configúrase en dous ciclos. O primeiro ata os tres anos e o segundo dos tres ós seis. Esta organización ten como finalidade contribuir á concreción e determinación dos seus contidos así como ó modo de avalia-la práctica educativa.

Aínda que a secuenciación dos contidos é tarefa dos equipos docentes, o primeiro ciclo vaise caracterizar, no seu tratamento na escola, fundamentalmente por:

a) A presenza de contidos orientados á prosecución da autonomía do neno e da nena, na satisfacción das súas necesidades básicas.

b) Unha rica e variada estimulación sensorial.

c) O establecemento de pautas de comunicación gráficas, que favorezan o desenvolvemento da linguaxe verbal e a fluidez expresiva.

d) Un traballo motriz centrado sobre todo nos movementos grosos, nos desprazamentos e na exploración espacial e corporal, así como na descentración de movementos, na coordinación motriz e no afinamento do equilibrio.

Así mesmo, no segundo ciclo a atención educativa centrarase nos seguintes aspectos:

a) Autonomía e coidado corporal.

b) Desenvolvemento dos hábitos e convencións sociais.

c) Desenvolvemento da linguaxe oral en canto a produción, construción e fluidez verbal.

d) Uso de matices expresivos desde materiais e ámbitos diferentes.

e) Traballo motriz orientado á formación de conceptos espaciotemporais básicos e ó exercicio das capacidades motrices máis finas, así como a aspectos de coordinación cada vez máis complexos dentro da motricidade xeral.

f) Descentración afectiva e asentamento de pautas de conducta sociais: colaboración, solidariedade, respecto e outras.

g) Pontenciación da capacidade volitiva no que atinxe á realización de accións da vida cotiá e á planificación do propio comportamento, para a consecución dunha crecente autonomía.

Cada neno e cada nena ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe. A educación infantil, polo tanto, ten que ser personalizada, atendendo ás peculiaridades de cada suxeito. Os nenos e as nenas que, por calquera causa, presenten necesidades educativas especiais, recibirán nesta etapa unha atención axeitada.

A normalización lingüística do noso sistema educativo é un obxectivo imprescindible de acordo coa lexislación vixente, expresada fundamentalmente na Constitución, no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística.

En cada centro existe unha situación sociolóxica específica que hai que considerar. Revisarase anualmente o estudo sociolingüístico do colexio ó incorporar novo alumnado. A estratexia de cada centro hai que entendela enmarcada non só nas grandes liñas definidas polo

modelo de normalización aplicado, senón tamén polos grandes principios de carácter psicopedagóxico nos que se fundamenta. O conxunto de opcións recomendadas detállanse no DCB de educación infantil, no seu apartado 4.1.1. (Fonte sociolóxica: comunidade e lingua).

É especialmente importante a interconexión das etapas infantil e primaria para conseguir unha coherencia educativa. A fluidez da comunicación entre os equipos de profesores de ámbalas dúas etapas, co fin de unificar criterios, aproximar metodoloxías, intercambiar informacións sobre os pequenos, as súas familias..., sempre que iso resulte factible, favorecerá o tránsito axeitado da etapa infantil á primaria.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de decembro de mil novecentos noventa e un,

DISPOÑO:

Artigo 1º

O currículo para a etapa de educación infantil nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria será o que se recolle no anexo do presente decreto.

Artigo 2º

Para os efectos do disposto neste decreto enténdese por currículo da educación infantil o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación que regularán a práctica educativa nesta etapa.

Artigo 3º

A educación infantil comprenderá ata os seis anos de idade e organizarase en dous ciclos de tres anos cada un. O ciclo constitúe unha unidade curricular temporal de programación e avaliación.

En consecuencia, todo o profesorado do mesmo ciclo desenvolverá o seu traballo en equipo, co fin de garanti-la necesaria unidade de programación e avaliación.

Artigo 4º

A educación infantil deberá contribuír para que os nenos e as nenas alcancen os obxectivos seguintes:

1.—Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e expresión, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.

2.—Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, adquirindo progresivamente seguridade afectiva e emocional, e desenvolvendo as súas capacidades de iniciativa e confianza en si mesmos.

3.—Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e aportacións cos dos demais.

4.—Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, respondendo ós sentimentos de afecto, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.

5.—Observar e explora-lo contorno inmediato cunha actitude de curiosidade e coidado, indentificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións que se establecen entre eles.

6.—Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu contorno, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara a elas.

7.—Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e expresión.

8.—Utiliza-la linguaxe verbal de forma axustada ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresa-las súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regula-la propia conducta e influír na dos demais.

9.—Enriquecer e diversifica-las súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ó seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

Artigo 5º

1.—O currículo da educación infantil estrutúrase arredor das seguintes áreas ou ámbitos de experiencia:

- a) Identidade e autonomía persoal.
- b) Medio físico e social.
- c) Comunicación e representación.

2.—As áreas deben concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia e desenvolveranse mediante a realización de experiencias significativas para o desenvolvemento global dos nenos e das nenas.

3.—A organización por áreas constituirá un instrumento para que os profesores de educación infantil sistematicen, ordenen e planifiquen a súa acción pedagóxica.

Artigo 6º

1.—Os equipos docentes concretarán e complementarán o currículo da educación infantil mediante a elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou ciclo que teñen por obxecto garantir unha actuación coherente, coordinada e progresiva dos equipos de profesores.

Os obxectivos, contidos, a metodoloxía e as estratexias de avaliación responderán ás características das alumnas e dos alumnos.

2.—Os proxectos curriculares constituirán unha secuencia por ciclos dos distintos elementos do currículo e incluirán a adaptación dos obxectivos e contidos ó contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado, criterios metodolóxicos e decisións sobre a avaliación, así como previsións para a cooperación pedagóxica cos pais ou titores dos nenos e das nenas, co fin de ter en conta a responsabilidade destes no acto educativo.

3.—A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dictará as disposicións oportunas que orienten o traballo do profesorado e favorezan o desenvolvemento curricular. Nestas disposicións incluíranse os criterios para a adecuación do establecido neste punto ás características dos centros incompletos situados nas distintas zonas rurais.

Artigo 7º

A distribución horaria organizarase dentro dunha perspectiva globalizada e incluírá actividades que permitan respectar ritmos de actividade, xogo e descanso dos nenos e das nenas.

Artigo 8º

Os profesores de educación infantil elaborarán programacións que terán como referente o proxecto curricular de etapa ou ciclo e nas que se deberán precisalos elementos que integran o proceso educativo dos nenos e das nenas, incluíndo, se é o caso, as adaptacións curriculares dirixidas a alumnos con necesidades educativas especiais.

Artigo 9º

Co fin de contribuír á normalización lingüística do noso sistema educativo en cumprimento da normativa vixente, o centro deberá considera-la súa situación sociolingüística específica e actuar nos termos recomendados nos distintos proxectos da consellería e no deseño curricular base de educación infantil.

Artigo 10º

1.—O profesorado de educación infantil avaliará o proceso de ensino, a súa práctica docente e o desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas de acordo cos obxectivos xerais da etapa e a través dunha avaliación que permita mellora-la práctica educativa.

2.—Na educación infantil a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación.

3.—As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso das nenas e dos nenos, e as canles que se creán para este efecto terán que explicitarse nos correspondentes proxectos curriculares do centro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En virtude do establecido no acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais, o currículo do segundo ciclo da educación infantil incluírá ensinanzas de relixión católica para os nenos e nenas dos que os seus pais o soliciten.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións que sexan precisas para a aplicación do disposto no presente decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de decembro de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN INFANTIL

1.—Área de identidade e autonomía persoal.

Esta área fai referencia ó progresivo coñecemento e control que os nenos e as nenas van adquirindo de si mesmos, e á capacidade para utiliza-los recursos persoais dos que dispoñan en cada momento. Neste proceso resultan relevantes as interaccións da criatura co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o difícil proceso de diferenciación dos outros e a cada vez maior independencia con respecto ós adultos.

A identidade é unha das resultantes do conxunto de experiencias que a nena e o neno teñen en relación co seu medio físico e, sobre todo, social. Na construción da identidade propia interveñen, entre outros factores, a imaxe positiva dun mesmo e os sentimentos de eficacia, seguridade e autoconfianza. Tales sentimentos deben contribuír á elaboración dun concepto de si mesmo axustado, que lle permita á criatura percibir e actuar conforme ás propias posibilidades e limitacións.

O concepto dun mesmo dista moito de ser obxectivo; a autoestima do neno é en gran parte unha interiorización da que lle amosan os que o rodean, e da confianza que nel se deposita.

Na relación entre o eu e o outro, e entre o eu e o mundo externo, o neno e maila nena actualizan os seus instrumentos cognitivos, afectivos e de relación responsables dun desenvolvemento pleno e harmónico. Neste

proceso de diferenciacións progresivas constrúese a identidade persoal mediante o recoñecemento da propia individualidade fronte ós demais e fronte ó mundo. En todo isto reside a posibilidade de actuar constructivamente cos demais, de sentirse parte integrante dun grupo.

Por outra parte, o coñecemento e control progresivo do corpo é un proceso que ocupan á nena e ó neno desde o seu nacemento e é un dos primeiros referentes para recoñecerse como persoa. A identificación das súas características individuais: sexo, tamaño, trazos físicos, etc., así como as dos seus compañeiros, son instrumentos básicos para o seu desenvolvemento e, consecuentemente para a adquisición de actitudes non discriminatorias.

Ó longo desta etapa debe conseguirse que os nenos e as nenas coñezan global e segmentariamente o seu corpo, as súas posibilidades perceptivas e motrices, poidan indentificarse, desfrutar coas sensacións que experimentan e servirse das posibilidades expresivas do corpo para manifestalas.

Na educación infantil ten grande importancia a adquisición duns bos hábitos de saúde, de hixiene e de nutrición. Estes hábitos non só contribúen ó coidado do propio corpo e dos espacios nos que vive, senón que son tamén fundamentais no proceso de autonomía das criaturas.

O centro de educación infantil debe constituír un ámbito privilexiado para enriquece-los procesos de construción da identidade e autonomía persoais ofrecendo unha intervención educativa axustada ás necesidades individuais dos nenos e das nenas.

A escola contribuír á que as criaturas consigan pouco a pouco a fixación e retención de obxectivos, aínda no caso de producirse un distanciamento temporal entre o obxectivo e o correspondente factor que motiva tal comportamento. Isto permitiralles, e xa cara ó final de etapa, a adquisición de hábitos de orde, constancia e organización referidos á realización de diversas tarefas, así como os relacionados co benestar, a seguridade, o fortalecemento da saúde, etc.

Os contidos educativos que esta área atinxe non poden ser traballados separadamente do resto das áreas. Faise imprescindible un enfoque global e significativo das situacións de ensino e aprendizaxe.

1.1. Obxectivos xerais.

Con respecto ó ámbito da identidade e da autonomía persoais, a intervención educativa durante a etapa irá encamiñada a desenvolver procesos de ensino - aprendizaxe que capaciten o neno e a nena para:

—Descubrir e acepta-las características persoais cara á adquisición dunha autoimaxe positiva, á valoración persoal e ó progresivo desenvolvemento das propias capacidades.

—Posuír unha actitude de respecto cara ás características e cualidades doutras persoas sen actitudes de discriminación en relación co sexo ou con calquera outro trazo diferenciador.

—Aproveita-la espontaneidade da acción e avanzar na prosecución de logros motrices escalonados, de tal xeito que o propio neno preveña os riscos e perigos que estes supoñen e faga os axustes necesarios.

—Avanzar no dominio da motricidade xeral con implicacións rítmicas, tónicas e de equilibrio estático e dinámico que lle permitan unha conducta espacial autónoma, así como a execución de tarefas da vida cotiá e de actividades de xogo.

—Identifica-las propias posibilidades e limitacións, valoralas e actuar de acordo con elas.

—Planifica-la propia acción na resolución das tarefas cotiás, acepta-las pequenas frustracións e amosar unha actitude tendente a superalas.

—Descubri-la satisfacción de atopar resposta orixinais e afronta-las dificultades coa procura de solucións axeitadas, a partir da actividade natural e mediante o aproveitamento da súa propia espontaneidade e creatividade.

—Inicia-lo recoñecemento do seu propio espacio para non interferir nos movementos dos outros e co fin de organiza-los seus propios movementos para xogar e crear en grupo en espazos compartidos.

—Progresar no desenvolvemento da motricidade fina e a coordinación visomanual así como nas habilidades manipulativas para o manexo de obxectos, a realización de actividades da vida cotiá e de tarefas relacionadas coas distintas formas de representación.

—Adquirir actitudes e hábitos relacionados co benestar e coa seguridade persoais, a hixiene e o fortalecemento da saúde, así como a adquisición de hábitos de orde, constancia e organización referidos á realización de diversas tarefas.

1.2. Bloques de contidos.

1.2.1. Concienciación de si mesmo.

Feitos e conceptos.

—O corpo.

—Segmentos corporais. As súas partes: cabeza, cara, colo, peito, costas, ventre, etc.

—Representación mental do corpo na súa globalidade.

—A sensopercepción. Os sentidos.

* Exteroceptivos (vista, oído, gusto, olfato, tacto).

* Propioceptivos (postura, equilibrio e cambios no sistema muscular —especialmente na locomoción—).

—Características diferenciais dos individuos: sexo, cor da pel, do pelo, altura, etc.

—Necesidades básicas do propio corpo.

—Concienciación das propias reaccións.

—Autoimaxe.

Procedementos.

—Identificación do corpo, de forma global e segmentariamente, a partir das súas interaccións co espacio, os obxectos e os demais.

—Recoñecemento das súas características persoais e das dos demais.

—Identificación de percepcións visuais, auditivas, gustativas, olfativas, táctiles.

—Percepción dos cambios que se producen co paso do tempo: no físico (medran as uñas, o peño, todo el) e no desenvolvemento das súas habilidades.

—Descubrimento, regulación e control das necesidades básicas nas situacións habituais (control de esfínteres, alimentación suxeita a horarios...).

—Identificación e control progresivo dos seus sentimentos e emocións, preferencias...

Actitudes, valores e normas.

—Aceptación e valoración da propia identidade. Aceptación das propias posibilidades e limitacións.

—Aceptación e respecto ante a diversidade, dos que non son ou non pensan coma el.

—Confianza nas propias posibilidades.

—Interese e satisfacción ante o descubrimento de respostas xenufnas.

1.2.2. Coordenadas espacio - temporais.

Feitos e conceptos.

—Posturas do corpo respecto ó espacio: de pé, sentado, deitado...

—O movemento.

—Ritmo interior e ritmo exterior: conceptos temporais (rápido - lento...).

—Nocións espaciais: diante, detrás, dereita, esquerda, entre, xunto a, etc.

—Movemento e repouso; acción e relaxación.

—Habilidades motrices. Movementos precisos: cortar, rachar, escachar, dobrar, etc.

—Cambios do aspecto corporal ó longo dos anos.

Procedementos.

—Proxección do corpo no espacio en relación co tempo: camiñar, choutar, reptar, agatuñar...

—Coordinación e control corporal con implicación do movemento global ou segmentario en actividades lúdicas e da vida cotiá.

—Regulación do ton: control da enerxía. Adaptación á postura, ás accións, ás situacións e ás características dos obxectos.

—Situación dos momentos respiratorios cara á optimización do rendemento corporal.

—Control corporal en diferentes planos: chan, rampas, escaleiras, tubos, etc.

—Exploración espacial e de relación coas outras persoas e cos obxectos cara á adquisición da propia lateralidade.

—Descubrimento e adaptación do propio ritmo ás necesidades de acción dos outros.

—Control de habilidades motrices finas: dobrar, coser, abotoar - desabotoar, enroscar - desenroscar, atar - desatar, meter - sacar, etc.

—Uso de materiais que esixan certa precisión: tesoura, fibelas, ollais, botóns, doas de ensartar, etc.

Actitudes, valores e normas.

—Gusto pola actividade dinámica e polas vivencias corporais.

—Interese polo descubrimento de novas posibilidades motrices.

—Actitude positiva para compartir espazos e para o establecemento dos propios límites (acción individual).

—Interese polo control da propia acción dinámica en momentos de actividade espacial compartida: entradas e saídas a un recinto, xogos espaciais de grupo...

—Actitudes facilitadoras de posturas hixiénicas na estética e do dominio corporal na dinámica; así como daquelas que contribúen a un desenvolvemento san: verticalidade da columna vertebral, axuste da báscula pélvica no xogo motriz, etc.

—Economía enerxética na actividade corporal.

—Gusto pola actividade manipulativa e interese polo uso de obxectos de precisión.

1.2.3. Hixiene e saúde corporal e mental.

Feitos e conceptos.

—Benestar persoal derivado do coidado dun mesmo e do contorno.

—Os sentidos. Prevención de deficiencias.

—Alimentación e saúde.

—Hixiene persoal.

—Harmonía mental na emisión e na recepción.

Procedementos.

—Contribución ó coidado do contorno inmediato: clase, corredores, servizos, patios...

—Contribución ó coidado doutros hábitats: rúas, prazas...

—Uso de obxectos que contribúen a manter limpos eses espazos: papeleiras...

—Diferenciación entre o aire puro e os ambientes viciados.

—Discriminación visual en ambientes que reciben abundante luz natural.

—Sensibilización cutánea. Uso de prendas frouxas e adecuadas que permitan tal sensibilización.

—Hábitos hixiénico - alimentarios relacionados coa elección dos alimentos.

—Hábitos hixiénicos, relacionados co acto de comer: lava-las mans, limpa-la boca antes de beber, lava-los dentes, etc.

—Establecemento dunha imaxe positiva de si mesmo.

—Uso moderado daqueles medios emisores (vg. televisión) que supoñan un desequilibrio forte entre as respostas aferentes e as eferentes.

—Identificación do sentido estético e da orde que supón a limpeza do hábitat.

—Utilización correcta de utensilios e lugares de limpeza (servizos públicos, papeleiras, etc.). Respecto á natureza.

Actitudes, valores e normas.

—Gusto polos sons harmoniosos: a natureza, a música...

—Gusto pola respiración profunda, en ambientes sans.

—Gusto por actividades que contrarresten e limiten o exceso de impresións visuais que ofrece a sociedade actual (televisión, circulación, carteis luminosos etc.).

—Interese polo descubrimento de sensacións táctiles variadas.

—Gusto polos alimentos sans e naturais. Apreciación diferenciada das súas cualidades: cor, sabor, olor, tacto...

—Actitude de agrado ante a orde e a limpeza de obxectos e espazos habituais usados polo neno.

—Aceptación de normas cívicas de convivencia e de respecto á natureza.

2.—Área do medio físico e social.

Esta área fai referencia á ampliación progresiva da experiencia infantil, e á construción dun coñecemento sobre o medio físico e social cada vez máis completo. Este coñecemento implica, ademais dunha determinada representación do mundo, a existencia de sentimentos de pertenza, respecto, interese e de valoración de tódolos elementos que o integran.

O acceso do neno e da nena ó centro de educación infantil supón unha ampliación das relacións sociais en espazos distintos ós habituais, ofrecéndolles posibilidades de coñecer unha nova realidade, de actuar e intervir sobre ela, de medrar e desenvolverse.

O obxecto desta área é facilita-lo descubrimento, coñecemento e comprensión daquilo que configura a realidade do neno, sobre todo naquilo que está ó alcance

da súa percepción e experiencia. Esta realidade atinxe os contornos e obxectos físicos, as organizacións e relacións sociais inmediatas, así como outros ámbitos que, a pesar da súa posible distancia física e temporal, están estreitamente ligados ós intereses do neno ou da nena.

O medio debe ser considerado como un todo, no que os aspectos físicos e sociais interactúan continuamente, existindo entre eles unha relación de mutua dependencia, o que fai inadecuado un enfoque illado de calquera deles. A perspectiva globalizadora que supón o estudio dos modos de vida que se dan en distintos ambientes enriquecese ó profundar nalgúns aspectos que captan o interese e a curiosidade da nena e do neno.

Os distintos sistemas ou organizacións dos que a criatura forma parte constitúen o vehículo axeitado para acceder á análise do propio medio. Deste modo, vai construíndo a súa propia identidade individual ó mesmo tempo que se percibe a si mesma como membro de diversas organizacións sociais, con funcións distintas segundo o grupo de que se trate.

É obxectivo da educación infantil que o neno e a nena poidan actuar con autonomía, confianza e seguridade nos sistemas sociais máis próximos, coñecendo e utilizando as normas que permiten convivir neles, así como contribuíndo ó seu establecemento e á súa discusión. No seo dos grupos ós que pertence aprende a valorar as vantaxes da vida en grupo, así como as limitacións que esta impón.

Aprende tamén a colaborar cos outros, a axudar e a pedir axuda, e a cumprir as obrigas que e desprenden do reparto de tarefas na vida cotiá. Por outra parte, esta actuación relativamente autónoma require tamén coñecer e manexarse axeitadamente nos ámbitos nos que se desenvolve a vida, e saber utiliza-las súas dependencias e obxectos.

A criatura debe coñecer algunhas relacións elementais que se establecen entre as condicións físicas do medio e as formas de organización da actividade humana. Ámbolos dous elementos están relacionados entre si e sitúanse en determinados ambientes que lles confiren moitas das súas características e mesmo, en ocasións, a súa propia razón de ser.

O descubrimento do medio implica unha actuación da persoa, na que se pon en xogo procedementos de observación, de exploración, de recollida de datos e de formulación de metas. Estes procedementos permítenlle ir coñecendo e participando no seu medio, decatarse dos cambios que nel se operan, e contrasta-los resultados das súas accións.

No medio social é importantísimo fomentar actitudes de participación, de colaboración, de respecto e valoración crítica das normas e leis que rexen a vida en grupo; no medio físico ponse o acento nas actitudes de coidado, valoración e respecto do contorno e os elementos que o configuran.

Dada a presenza dos medios audiovisuais na vida das criaturas e a cultura que estes medios xeran, a educación audiovisual deberá te-lo seu espacio en todo proxecto educativo debidamente planificado e conscientemente organizado.

O profesorado deberá fomentar nos nenos e nas nenas a lectura crítica de imaxes e axudalos a descubrir-las posibilidades de manipulación dos medios audiovisuais e a reflexionar con eles sobre a súa realidade máis próxima.

Se a criatura é educada na lectura crítica das imaxes que lle brindan as novas tecnoloxías, o profesor poderá recorrer a diapositivas, comics, periódicos, películas, programas de radio e vídeo nun plan de traballo globalizado e integrador para afrontar diferentes situacións de ensino - aprendizaxe, tendo sempre presente que as novas tecnoloxías son un bo complemento ós outros materiais utilizados na sala - clase.

O ambiente educativo do centro de educación infantil debe estimular a curiosidade do neno e da nena e satisfacer-las súas necesidades de actuar e experimentar. Deste modo, actualizarán as súas adquisicións nos outros ámbitos de identidade e autonomía persoal e de comunicación e representación, para comprender e actuar sobre a realidade, para identificarse como persoas individuais diferentes dos outros e, ó mesmo tempo, membros de diversos grupos sociais.

Por outra parte, débese ter en conta nesta área o tratamento educativo das diferencias étnicas e culturais que poidan presenta-las nenas e nenos desta etapa. Tal diversidade recollerase garantindo o respecto e a comprensión das múltiples experiencias, intereses e coñecementos previos dos alumnos, como unha oportunidade de enriquecemento mutuo.

2.1. Obxectivos xerais.

En relación co ámbito de experiencias de descubrimento do medio físico e social, a intervención educativa irá encamiñada a desenvolver no neno e na nena as seguintes capacidades:

—Descubrir, coñecer e comprender paulatinamente o contorno físico e as entidades sociais onde se desenvolve a súa vida.

—Coñecer e utilizar adecuadamente as regras de convivencia usuais nos distintos grupos de relación, adecuando o seu rol ás persoas de referencia, lugares e situacións, evitando a adopción de actitudes de submisión ou de dominio e desenvolvendo actitudes e hábitos de axuda, colaboración e cooperación.

—Coñecer activamente o contorno natural e cultural territoriais e progresar no desenvolvemento de actitudes positivas relacionadas coa curiosidade, respecto e conservación deste.

—Valorar a súa situación e participación no medio social cambiante onde se desenvolve.

—Avanzar na capacidade de autocrítica e crítica construtiva cara á consecución da verdadeira autonomía na convivencia cos demais.

—Orientarse e actuar autonomamente nos espazos habituais e comprende-la organización do tempo e do espazo en relación ó marco das súas vivencias periódicas e habituais.

—Identificar a través da observación os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e identificar algúns factores que inflúen sobre eles, como as estacións, os cambios atmosféricos climáticos, etc.

—Diferenciar e descubrir de forma discriminada, sobre as necesidades de cuidados de plantas, animais e contornos naturais e decatarse da súa beleza intrínseca como seres vivos.

—Adquirir progresivamente hábitos de orde, limpeza, conservación e ornamentación dos espazos e materiais habitualmente desfrutados polos nenos, nos ámbitos escolar e extraescolar.

—Tomar conciencia dos perigos presentes no contorno habitual e amosar comportamentos prudentes fronte a situacións que revistan risco.

—Facer uso adecuado de xogos, instrumentos, ferramentas e pequenas máquinas.

—Participar de forma activa nos proxectos e actividades grupais, tomando progresivamente en consideración os outros.

—Participar de forma fluída e segura en diálogos colectivos, respectando ordes de palabra, escoita e espera como elemento configurador de socialización.

—Aprender a comportarse solidariamente aceptando a diversidade, a partir da diferenciación de si mesmo con respecto ós demais.

—Valora-la globalidade do ciclo vital e o marco histórico de referencia e afectivo do neno e da nena a través de actitudes de respecto, comportamentos e marcos de interacción cos avós e cos vellos en xeral.

—Coñece-las festas populares da comunidade, participando activamente nelas e valorándoas como manifestacións culturais autóctonas.

—Coñecer e trata-la realidade desde unha actuación creativa a través de respostas vitais dirixidas a resolver situacións diversas que se producen na vida real.

2.2. Bloques de contidos.

2.2.1. Contorno social.

Feitos e conceptos.

—Ámbito familiar.

* Compoñentes habituais da familia nuclear.

•Relacións de parentesco.

•Funcións de cadaquén no contexto familiar.

•Variantes (falta de un dos pais, falta de irmáns, pais separados, avós, titores, etc.).

•Lugar que ocupa o neno na familia e relación con respecto ós demais compoñentes.

* Espacio físico no que convive a familia.

•Funcionalidade subxectiva e obxectiva das dependencias da casa.

•Elementos e obxectos de uso cotián presentes na vivenda. Situación de mobles e electrodomésticos.

* Outros familiares importantes.

—Ámbito escolar.

* Persoas que configuran o contorno escolar: pais, nais, profesoras, profesores, educadoras, educadores, nenos, nenas, —máis grandes, máis pequenos—, compañeiros, compañeiras, persoal auxiliar, etc.

•Lugares onde habitualmente desenvolven a súa función. Simultaneidade co traballo escolar do neno.

* Espacio físico: a escola.

•Dependencias.

•Obxectos presentes no ámbito escolar.

* A amizade, dentro e fóra do ámbito escolar.

* Normas de convivencia e hábitos.

—Ámbito veciñal.

* O contorno físico onde viven os veciños e o propio neno: barrio ou lugar.

* Función dos veciños: traballos e oficios.

* Servicios comunitarios relativos a:

•Saúde.

•Limpeza e conservación do contorno.

•Seguridade.

—Organización do ocio.

* Variacións nas formas de desfrute do ocio: nenos, pais, nais, mozos, vellos...

* Institucións, establecementos e lugares públicos de ocio: museos, teatros, auditorios, polideportivos, bibliotecas, xardíns e paseos, espazos naturais —carballeira, praia, río...— ximnasios, clubs, campos de fútbol, etc.

* Obxectos ligados ó ocio: xogos, instrumentos musicais, etc.

* As festas.

•Familiares.

•Da comunidade.

*Festas tradicionais: usos, costumes, bailes, cancións, etc.

•Ligadas ó calendario: nadal, entroido, maios, patro-
nais, etc.

•Ligadas ó traballo: matanza, vendima e festas de pro-
moción de produtos autóctonos.

Procedementos.

—Control da actuación autónoma nos diferentes ám-
bitos nos que se desenvolve.

—Discriminación da adecuación ou inadecuación de
determinados comportamentos nos distintos grupos de
relación e uso de normas elementais de convivencia.

—Localización de puntos de referencia significativos
para a orientación en espazos habituais.

—Realización e representación de percorridos e tra-
xectorias en radios paulatinamente máis amplos, den-
tro dos diferentes ámbitos.

—Identificación e utilización dos obxectos de uso co-
tián nos diferentes ámbitos.

—Discriminación das cualidades que definen os ob-
xectos de uso cotián, coidado e conservación destes.

—Regulación da propia conducta a través da partici-
pación activa en actividades compartidas con nenos, ne-
nas e adultos, tendo en conta as opinións dos outros
e achegando as súas propias.

—Percepción e reprodución de ritmos, sons, bailes
e ditos populares.

—Anticipación e concienciación da secuencia das «ru-
tinas».

—Evocación secuenciada das actividades levadas a
cabo ó longo da xornada.

—Percepción da alternancia de tempos: de activida-
de - descanso, fala - escoita (diálogo), traballo - vaca-
cións (vg. días da semana), etc.

—Percepción das relacións de simultaneidade na ac-
tividade de diferentes grupos e persoas.

—Participación na conmemoración de festas e na in-
corporación de usos tradicionais desde experiencias, ac-
tividades e recursos expresivos.

—Elección autónoma de diferentes opcións de ocio.

Actitudes, valores e normas.

—Actitude de agarimo e respecto polos seres que os
coidan.

—Actitude de descentración progresiva, de escoita e
de diálogo.

—Actitude de aceptación do acordado pola maioría,
das normas e das convencións sociais.

—Actitude de compañeirismo, xenerosidade e de com-
partir xogos e materiais.

—Actitude aberta á comunicación e á participación
de vivencias e xogos cos amigos, compañeiros e grupo.

—Actitude de desfrute e valoración da amizade en ter-
mos positivos.

—Actitude de atención, escoita e compañía cos avós.

—Actitude de satisfacción e gusto pola ornamentación,
coidado e conservación do contorno e dos obxectos de
uso persoal e comunal.

—Actitude de colaboración e asunción de pequenas
responsabilidades no contorno familiar e escolar.

—Desfrute coa elección autónoma das actividades de
ocio.

2.2.2. O contorno natural.

Feitos e conceptos.

—Elementos e forzas da natureza.

* A luz: a cor. A escuridade.

* O sol. Fonte de vida.

—Elementos naturais que sosteñen a vida. Utilización
que o ser humano fai deles:

* Auga.

* Aire.

* Terra.

—O lume. Beneficios e perigos que comporta.

—Variacións climatolóxicas e repercusións nos elemen-
tos naturais. Incidencia das variacións climatolóxicas nos
hábitos e tipo de adaptacións que xeran.

—Os minerais e os restos animais e vexetais.

Procedementos.

—Discriminación da cor dos obxectos segundo a in-
tensidade da luz.

—Identificación das sensacións que producen os con-
tactos coa auga, o aire e a terra.

—Observación das fontes de auga naturais do con-
torno: doce ou salgada.

—Discriminación entre a utilidade do lume e os pe-
rigos que comporta se non se controla.

—Observación da forza do vento e os seus efectos
como forza propulsora.

—Identificación das variacións climatolóxicas a tra-
vés da observación e recollida de datos e aproximación
ó concepto de «estacións do ano».

—Percepción das variacións das precipitacións ó longo
do ano, na súa frecuencia, intensidade e cualidade.

—Identificación de diferentes tipos de solo. Constatación da vida vexetal e animal que neles se dá.

—Constatación dos efectos que supoñen as situacións extremas en canto a: exposición ó sol, á auga, á calor, etc., nas plantas e nas persoas.

—Recoñecemento da necesidade de adecua-la actividade e as prendas de abrigo ás circunstancias de cada estación.

—Discriminación e clasificación de minerais e restos animais ou vexetais.

—Identificación das variacións da traxectoria, dos desniveis e dos puntos e obxectos de referencia a través de exploracións de percorridos alternativos entre dous puntos.

Actitudes, valores e normas.

—Gusto polo desfrute da luz e da calor do sol (coas proteccións necesarias) e do lume.

—Desfrute das posibilidades lúdicas que ofrece a auga, o vento e o solo.

—Gusto polos paseos e actividades ó aire libre, coas roupas adecuadas ó clima, para o benestar e coidado da saúde.

—Gusto pola identificación das sensacións que produce a paisaxe coñecida —olores, cores, traxectos— e polo descubrimento doutros descoñecidos —as viaxes—.

—Actitude de prudencia ante a forza dos elementos e as súas consecuencias: ciclóns, tempestades, incendios, etc.

—Valoración da necesidade de tomar precaucións ante as fontes de perigo —lume, correntes de auga, grandes desniveis do terreo, etc.—.

—Valoración dos elementos, como medios nos que se desenvolve a vida, e intuición da necesidade de mantelos limpos e dos perigos que supón a súa contaminación.

2.2.3. Os seres vivos.

Feitos e conceptos.

—Características e necesidades comúns a tódolos seres vivos: persoas, animais, plantas.

Mundo animal.

Animais do contono próximo.

—Situación e medio no que se desenvolven.

—De que se alimentan.

—Como conviven entre eles e con outros animais.

—Como se reproducen.

—Como se desprazan.

—Relación dos animais co ser humano.

—Animais beneficiosos para o ser humano.

—Animais prexudiciais.

—Outros animais —de contornos distantes e diferentes—.

—Diferencias entre os animais salvaxes e os domésticos.

—Que é unha reserva.

—Que é un parque zoolóxico.

—Que é un parque natural.

Mundo vexetal.

Plantas e árbores que nos rodean.

—Silvestres.

—Cultivadas: horta, xardín, bosque.

—Perigos que supoñen para as plantas e os animais os incendios e urbanizacións de zonas naturais.

Procedementos.

—Percepción e identificación das diferencias e similitudes dos animais que se desenvolven nos medios aéreo, acuático e terrestre.

—Observación e discriminación dos costumes dos animais.

—Observación da evolución dos ciclos vexetais ó longo do ano: sementeira, crecemento, floración e fructificación das plantas e árbores.

—Observación da cría e produción animal e vexetal das especies do seu contorno.

—Observación das modificacións que se producen na paisaxe vexetal ó longo do ano: cores, frondosidade, etc.

—Identificación e discriminación dos elementos básicos que conforman os contornos artificiais cara ó coidado e observación da vida animal e vexetal.

—Identificación de animais procedentes doutros contornos —en vivo ou a través de fotografías, diapositivas, debuxos realistas destes, etc.—.

—Utilización dos recursos expresivos cara á interiorización das características diferenciadoras de cada animal ou planta.

—Identificación e clasificación de plantas e partes de plantas.

—Observación directa do ciclo vital dalgunha planta e dalgún animal e establecemento de relacións co paso do tempo.

—Identificación e discriminación de sensacións producidas por accións relacionadas con vexetais comestibles: cortar, picar, mesturar, saborear, condimentar, licuar, exprimer, cocer, etc. vexetais comestibles.

Actitudes, valores e normas.

—Respecto pola vida en xeral.

—Coidado e limpeza dos animais que se adoptan.

—Valoración da importancia das plantas e dos animais na vida do ser humano.

—Valoración da interdependencia entre as especies e mundos animal e vexetal e humano.

—Interese e curiosidade polos modos de vida dos animais.

—Espírito explorador do contorno.

—Gusto pola incorporación de vexetais á dinámica escolar —como recurso plástico, estimuladores sensoriais, elementos desencadeantes de esquemas de acción, actividades de coordinación e desenvolvemento motriz fino, etc.—.

—Prudencia ante a inxestión de plantas ou herbas descoñecidas.

2.2.4. Contornos artificiais.

Feitos e conceptos.

—Os obxectos.

* Diferencias intrínsecas derivadas do uso. Utensilios, xogos, instrumentos musicais, ferramentas, apeiros, artes, obxectos de decoración, mobles, etc.

* Materiais presentes nos obxectos.

—As construcións.

* Variantes en función do modo e vida e do espazo dispoñible: rural - urbano, vivenda - piso.

* A estrutura urbana: as vilas e cidades.

* A estrutura rural: aldeas e parroquias. Diseminación.

—As grandes máquinas e as fábricas.

—Medios de locomoción e transporte, con e sen motor.

—Medios de comunicación.

* Os carteis.

* Taboleiros de anuncios.

* Os periódicos e revistas.

* A radio.

* A TV.

—Comercio e consumo.

Procedementos.

—Exploración libre de obxectos. Desde os esquemas de acción máis primarios ata a construción, creación e invención de obxectos.

—Identificación das sensacións que produce a experimentación cos obxectos.

—Observación e clasificación de obxectos pola súa situación habitual.

—Utilización axustada dalgúns obxectos cotiáns.

—Uso adecuado dalgúns utensilios e ferramentas.

—Identificación e progresiva incorporación do vocabulario relativo ós obxectos cotiáns e ás infraestructuras e servizos rurais e urbanos.

—Identificación das construcións, de obxectos e estruturas urbanas e rurais.

—Identificación de diferentes medios de locomoción.

—Representación simbólica de centros comerciais, tendas, hospitais, servizos de hostelería, etc.

—Discriminación e manexo de moedas.

—Atención a sucesos e acontecementos do contorno do neno, así como a aquelas noticias que os medios de comunicación lle ofrecen.

—Desmitificación dos medios audiovisuais (vídeo, televisión...) cara ó fomento do xuízo crítico ante mensaxes publicitarias.

—Discriminación imaxe - realidade cara á adquisición da escala de iconicidade.

—Construción e representación do propio noticiario.

—Identificación dos centros de produción, obradoiros, mercados, etc. da comunidade onde vive o neno.

Actitudes, valores e normas.

—Valoración dos obxectos de artesanía e arte como pezas únicas.

—Valoración da propia capacidade de elaborar obxectos.

—Valoración personalizada da estética das construcións do ser humano e da relación estética co contorno no que se desenvolven.

—Valoración da primacía da vida e do coidado do contorno natural e actitude crítica ante os efectos dos residuos que aportan algunhas das obras humanas.

—Valoración das construcións autóctonas, da súa funcionalidade e importancia como sinal de identidade.

—Aceptación das normas básicas de circulación viaria e de comportamento nos transportes públicos.

—Actitude de atención crítica ó contido e á calidade dos produtos máis cós reclamos publicitarios.

—Actitude de elección autónoma dos produtos que realmente gustan.

—Actitude de valoración polo uso axeitado dos obxectos.

—Gusto por estar ben informados.

3.—Área de comunicación e representación.

O sentido fundamental da área é o de contribuír a mellora-las relacións entre o individuo e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexos entre o mundo interior e o exterior ó seren instrumentos que posibilitan as interaccións, a representación e a expresión de pensamentos, sentimentos, vivencias, etc.

A medida que o neno e a nena van accedendo ó dominio das distintas formas de representación, a súa relación co medio se enriquece e profunda. O centro de educación infantil é un lugar no que se amplían e diversifican as experiencias das criaturas e as formas de representación que foi elaborando nas súas experiencias familiares accedendo a novos vehículos de expresión. Nel foméntanse adquisicións e se potencian intercambios comunicativos con outros nenos e cos adultos, dotando as súas comunicacións de contidos progresivamente elaborados e adquirindo conceptos, destrezas e actitudes que van favorecer expresións progresivamente máis complexas e afinadas de un mesmo, dos seus coñecementos, sentimentos, vivencias, etc. Deste modo se estimula non só o acceso ás representacións da realidade, senón tamén a expresión destas distintas realidades a través de diversos vehículos.

A integración nunha única área das diversas formas de representación e comunicación non impide, en ningún caso, que cada unha delas teña un tratamento específico, tendo en conta as peculiaridades do centro, as necesidades dos nenos e nenas que a el acoden e a diferentes técnicas, instrumentos e códigos, de maneira que a actividade pedagóxica se axuste á intención educativa que se pretende.

As diferentes formas de representación non se limitan a ser vehículo de expresión, senón que poden tamén ter efectos sobre o contido que tratan de representar. Estas formas inclúen a expresión xestual e corporal, a linguaxe verbal, a expresión plástica nas súas diversas formas, a expresión musical e a forma de representación matemática.

Traballar **educativamente a comunicación** implica potencia-las capacidades do neno e da nena, tanto as relacionadas coa recepción e interpretación de mensaxes, como as dirixidas a emitilas ou producilas, contribuíndo a mellora-la comprensión do mundo que os rodea e a súa expresión orixinal, imaxinativa e creativa.

A expresión dramática e corporal teñe que ver coa utilización do corpo, os seus xestos, actitudes e movementos cunha intención comunicativa e representativa.

Mentres que a través de expresión dramática as criaturas xogan sobre todo a representar persoas e situacións, no caso da expresión corporal, trátase de representar a través da súa acción e movemento determinadas

actitudes, estados de ánimo, etc. Ámbalas dúas afondan as súas raíces na comunicación xestual e continúan-se posteriormente en distintas manifestacións, entre as que destacan os xogos simbólicos nos que as pequenas e os pequenos se comportan como se fose unha persoa distinta, un animal ou un obxecto, ou actúa como se estivese facendo cousas que so está simulando facer. Trátase dun campo aberto á imaxinación, á creatividade e á espontaneidade de cada un.

A través da expresión dramática e corporal amosa as súas emocións e tensións e tamén o seu coñecemento do mundo e das persoas, así como a súa percepción da realidade. Estas manifestacións expresivas son ademais un instrumento de relación, comunicación e intercambio. A educación infantil debe estimular este tipo de expresión para tirar dela o máximo rendemento educativo, aceptando formas de expresión diversas.

En relación á linguaxe oral e sobre a base das primeiras formas de comunicación, irase estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso ás primeiras palabras e á linguaxe falada, progresivamente convencional.

A linguaxe vai ser para a nena e o neno non só un instrumento de comunicación persoal e de regulación da conducta doutros, senón tamén un instrumento de regulación e planificación da propia conducta. Esta función da linguaxe prodúcese lentamente, como consecuencia dun traballo educativo que comeza nos niveis preverbais e se alonga ata o remate da etapa, e non de maneira espontánea.

Resulta importante ter presente que a linguaxe oral é o instrumento de representación e comunicación máis utilizado. Esta importancia social non debe reproducirse na escola. O centro de educación infantil terao en conta e no tratamento desta e doutras formas de representación e comunicación aproveitará este factor, de maneira que ó establecer obxectivos, contidos e orientacións se responda ás necesidades educativas da criatura nestas idades.

O acceso ós códigos convencionais, que como criterio xeral debe realizarse no primeiro ciclo da educación primaria, é un longo proceso no que as posibilidades evolutivas do neno e da nena e a intervención pedagóxica do educador deberá estar en relación para dar un tratamento educativo axeitado.

A iniciación ós códigos da lectura e a escritura cobra un valor distinto ó que se lle atribuíu tradicionalmente, xa que deixa de se-lo eixe arredor do cal xiran as actividades de ensino - aprendizaxe, converténdose nunha meta supeditada a outras agora máis importantes: a motivación por adquirilo código, o acceso ás súas características diferenciais, a comprensión e valoración da súa utilidade funcional, etc.

Deste xeito, e durante este proceso os nenos e as nenas aprenden as propiedades de significación, información e comunicación inherentes ó texto escrito, descubren algunhas das súas características de convencionalidade e sobre todo, se iso se propicia axeitadamente, interésanse pola lingua escrita e a súa utilización.

Por todo iso, o ensino sistemático do código da lingua escrita non constitúe un obxectivo da educación infantil, pero isto non debe impedir o tratamento dese sistema, nin a resposta ós interrogantes que sen dúbida exporán os nenos e as nenas sempre desde un enfoque significativo.

O Estatuto de autonomía de Galicia determina no artigo 5.1. «A lingua propia de Galicia é o galego», e o artigo 31 establece que «é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades...» Xa que logo, tendo en conta esta especificidade en canto á lingua, por un lado, e á idade das criaturas, polo outro, cómpre unha toma de conciencia por parte dos equipos docentes dos centros coa finalidade de establecer a estratexia didáctica axeitada cara á consecución do determinado no artigo 13.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que di «As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán».

O profesorado dos centros xunto co equipo de potenciación do galego farán unha valoración da situación na que se atopan co fin de dar cumprimento ó preceptuado no artigo 2º.2 do Decreto 135/1983, do 8 de setembro, que establece: «No nivel de preescolar (educación infantil) e no ciclo inicial de educación xeral básica, os profesores usarán na clase a lingua materna predominante entre os alumnos, coidando que estes adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do correspondente nivel...»

A importancia de que nesta valoración se deba implicar todo o equipo docente radica na significatividade de que para as nenas e nenos teñen as actitudes do adulto cara á lingua.

Os criterios nos que se funda tal elección deberán ser de carácter pedagóxico e non responderán unicamente a opinións individuais.

En principio, garantiráselles ós nenos e ás nenas o seu ensino na lingua materna. En calquera caso a decisión será recollida no proxecto educativo do centro. Á hora de inicialos nas actividades dunha ou doutra lingua, haberá que coidala metodoloxía pois a educación infantil debe ter un carácter eminentemente global.

Non é conveniente o emprego indistinto das dúas linguas, mentres o pequeno e a pequena non presenten certa competencia na súa lingua de referencia, pois iso dificulta a aprendizaxe.

A familia será informada acerca das vantaxes de conseguir un bilingüismo equilibrado e enriquecedor coa finalidade de que participen na toma de decisións.

A escola debe ter material con debuxos e palabras ou textos curtos nas linguas nas que se está a educar co fin de que non se produzan desaxustes entre o que os picariños e as picariñas ven e o que oen.

Como no caso da linguaxe dramática, a pintura, o debuxo, o modelado, así como as actividades nas que a manipulación xoga un papel importante, son útiles para a estimulación de certos aspectos do desenvolvemento e para a adquisición de novas capacidades, pero teñen un sentido educativo que transcende a un ámbito concreto. A través dela a criatura explora a realidade e reflicte o coñecemento que dela ten, exprésase a si mesmo, pero tamén se descobre ó representarse ou expresarse.

A través destas aprendizaxes o neno e a nena van contar cunha nova forma de representación da realidade, con grandes posibilidades comunicativas e expresivas, baseadas na utilización e exploración de diferentes instrumentos e técnicas, que conducen á produción plástica.

A presenza da linguaxe musical nesta área considérase importante polas posibilidades de representación da realidade e de comunicación que ofrecen os sons no tempo. Na expresión musical preténdese conseguir unha progresiva capacidade para servirse deste procedemento de expresión e representación ó servizo dos obxectivos educativos xerais. Facéndoo así, desfruta da actividade musical, a un tempo que se fomentan nel as capacidades de expresión. A expresión musical é un instrumento de apropiación cultural a través do cal lle chegan á nena e ó neno tradicións, contidos e formas de expresión que son propias dun grupo cultural específico.

No que se refire á forma de representación matemática, hai que ter en conta que a orixe do coñecemento lóxico - matemático está na actuación do neno cos obxectos e, máis concretamente, nas relacións que a partir desta actividade establece entre eles. A través das súas manipulacións descobre as características dos obxectos, pero aprende tamén sobre as relacións entre obxectos. Estas relacións, que permiten organizar, agrupar, comparar, etc., non están nos obxectos como tales, senón que son unha construción do neno sobre a base das relacións que atopa e detecta.

Por isto, a aproximación ós contidos da forma de representación matemática deben basearse nesta etapa nun enfoque que conceda prioridade á actividade práctica, ó descubrimento das propiedades e as relacións que establece entre os obxectos a través da súa experimentación activa. Os contidos matemáticos, o mesmo que tódolos desta área, serán tanto máis significativos para o neno canto máis posible lle sexa incluílos nos outros ámbitos de experiencia da etapa.

Finalmente, neste amplo ámbito de experiencia preténdese fomentar nos nenos e nas nenas a súa vertente de espectadores e asimiladores de manifestacións culturais, pero sobre todo o seu papel de produtores activos e orixinais.

3.1. Obxectivos xerais.

No que atinxe ó ámbito relacionado coas experiencias de comunicación e representación, a acción educativa terá como obxectivo desenvolver procesos de ensino - aprendizaxe encamiñados a capacita-lo neno e a nena para:

—Incorporar progresivamente a palabra ó xogo da comunicación, expresando de forma oral sentimentos, desexos e ideas.

—Comprende-las mensaxes verbais dos outros nenos e dos adultos, valorando a linguaxe oral como medio de relación cos demais.

—Interesarse e aprecia-las producións propias, en relación á comunicación consigo mesmo e cos demais.

—Expresarse de maneira axustada á mensaxe que se quere emitir, ós receptores e ó contexto.

—Coñecer e utiliza-las normas que rexen os intercambios lingüísticos nas diversas situacións comunicativas habituais.

—Memorizar e describir de forma cada vez máis coherente as situacións vividas ou imaxinadas.

—Recordar e relatar verbalmente feitos concretos relacionados coas propias experiencias.

—Asocia-lo xesto á palabra, tentando que haxa coherencia entre ámbalas dúas formas de expresión.

—Avanzar no desenvolvemento da creatividade a partir de actos de expresión voluntarios.

—Descubrir formas de representación non verbal e utilízalas para reforza-lo significado das súas emisións non orais.

—Comprender, reproducir e recrear algúns textos da tradición cultural, amosando actitudes de valoración, desfrute e interese cara a eles.

—Evocar e representar a través do xogo simbólico situacións coñecidas ou imaxinadas.

—Avanzar na diferenciación do mundo real e do mundo imaxinario.

—Utiliza-los distintos recursos que conforman o aspecto de código das linguaxes expresivas coa finalidade de aumenta-las propias posibilidades de expresión.

—Comprender e valora-las obras artísticas do seu contorno para a súa aproximación ó mundo ó que pertence.

—Progresar na adquisición da capacidade de flexibilidade e fluidez que permita iniciar unha regulación e control da propia actitude en relación cos outros.

—Utilizar a un nivel moi elemental as posibilidades da forma de representación matemática para descubrir algúns obxectos e situacións do contorno, as súas características e propiedades e algunhas accións que poden realizarse sobre eles, prestando atención ós resultados obtidos, como cuantificación, medición, clasificación, ordenación, correspondencias...

—Interesarse pola linguaxe escrita e valorala como instrumento de información e desfrute e como medio para comunicar desexos, emocións e informacións.

—Interpretar e producir imaxes como forma de información e desfrute, descubriendo e identificando os elementos básicos da súa linguaxe.

3.2. Bloque de contidos.

3.2.1. Expresión corporal.

Feitos e conceptos.

—Presencia corporal consciente.

—Movemento expresivo.

—O movemento expresivo desenvolvido nun espazo rítmico.

—A mímica como expresión dos estados de ánimo.

—Interpretación e representación.

Procedementos.

—Investigación cara ó coñecemento das transformacións do corpo nas interaccións cos obxectos, cos outros e cos espazos.

—Descubrimento do «como», o «por que» e o «para que» das nosas accións sobre os obxectos e das sensacións que provocan en nós.

—Exteriorización de sensacións, emocións ou sentimentos por medio do corpo.

—Intracomunicación individual (consigo mesmo).

—Intercomunicación interindividual (co outro).

—Intercomunicación grupal (cos outros).

—Creatividade corporal a partir:

* Da observación de fenómenos presentes.

* Da evocación de fenómenos pasados.

* Da formación de imaxes novas.

* Da imaxinación.

* Da concentración.

—Enriquecemento do coñecemento propio a partir da acción e reacción do outro e co outro.

Actitudes, valores e normas.

—Gusto pola actividade corporal.

—Confianza en si mesmo e nas propias posibilidades motrices e expresivas.

—Autovaloración positiva a través da toma de conciencia dos logros e das adquisicións.

—Curiosidade e interese polo coñecemento dos obxectos, dos outros e en xeral do mundo que rodea o neno.

—Gusto polo xogo comunicativo: interpretación de mensaxes, xestos e respostas acomodadas a estes.

3.2.2. Expresión oral.

Feitos e conceptos.

—A linguaxe oral como:

- * Estructuradora do pensamento.
- * Medio de expresión e comunicación.

—Estructura e normas lingüísticas.

—Fonética.

—Linguaxe afectiva: ton de voz, inflexións.

—A expresión oral nos convencionalismos sociais.

—Cultura oral do grupo social ó que pertence o neno e a nena: cancións, poesías, lendas, contos, etc.

Procedementos.

—Diferenciación e interpretación de diferentes sinais comunicativos: orais, plásticos, musicais...

—Identificación dos sinais e asociacións con experiencias anteriores.

—Interpretación dos sinais comunicativos dos adultos e dos outros nenos en situacións da vida cotiá.

—Progresiva discriminación fono-articulatoria, e articulación correcta de sons e palabras.

—Establecemento de vías comunicativas entre o neno e o adulto, desde o berro, o balbucido, ata chegar á palabra e ó dominio progresivo da linguaxe oral.

—Evocación e verbalización das propias vivencias, debidamente ordenadas no tempo.

—Reconstrución de informacións de progresiva complexidade.

—Comprensión, memorización e reconstrución de contos.

—Utilización axeitada de diversas frases: enunciativas, interrogativas, exclamativas, etc.

—Participación activa en conversas colectivas, empregando as normas que rexen estes intercambios: respecta-la vez, prestar atención, etc.

—Utilización axeitada dos convencionalismos nas relacións lingüísticas: salutacións, fórmulas de agradecemento, etc.

—Utilización axeitada de xestos, entoación e expresión facial nos procesos comunicativos orais co fin de reforza-las mensaxes.

—Comprensión, aprendizaxe e reprodución de textos da cultura popular.

—Produción de textos sinxelos: pareados, adiviñas, cancións...

Actitudes, valores e normas.

—Valoración da lingua falada nas relacións interpersonais.

—Interese pola comprensión das mensaxes orais dos outros.

—Interese pola adquisición de novas palabras.

—Pracer pola escoita de contos e pola súa posterior reprodución.

—Gusto pola verbalización de vivencias.

—Actitude de escoita e respecto ós demais nos momentos comunicativos.

—Interese pola aprendizaxe das manifestacións orais de carácter popular: poesías, adiviñas, refráns, etc.

3.2.3. Aproximación á lecto-escritura.

Feitos e conceptos.

—Maduración neuromotora.

* Esquema corporal.

* Ton muscular.

* Eixe corporal. Orientación esquerda-dereita.

* Coordenadas espacio-temporais. Conceptos básicos.

* Coordinación óculo-manual.

* Ritmo.

• Interno.

• Externo.

—A lingua escrita como medio de disfrute.

* Contos e narracións.

—A lingua escrita como medio de expresión e comunicación.

* Garabatos.

* Grafismos.

* Pictogramas.

• Decodificación.

• Codificación.

• Produción.

• Narración pictográfica.

—Estructura semántica.

* Significado de signos e palabras.

Procedementos.

—Dominio e control do movemento do ombro, brazo e dígito manual.

—Discriminación da orientación espacial de formas referidas ó eixe de simetría.

—Percepción da direccionalidade.

—Interpretación de formas de acordo cunha adecuada organización espacia - temporal (percepción de orde e sucesión).

—Discriminación de fondo - forma.

—Percepción visual, de formas, cores, espaciaos e distancias.

—Atención e comprensión de narracións e contos lidos polo adulto.

—Interpretación das imaxes dos contos ou gravados acompañados de pequenos textos escritos, establecendo relación entrambos.

—Interpretación de símbolos que representan obxectos concretos.

—Decodificación de mensaxes expresando a captación dos seus significados.

—Representación por medio de códigos, de obxectos, cualidades, estados e accións que se suceden nun decurso temporal, así como as relacións que se establecen entre eles.

—Discriminación auditiva para a súa posterior asociación imaxe - son.

—Identificación dalgúns palabras moi significativas e indicacións escritas no contorno habitual onde se desenvolve a criatura.

Actitudes, valores e normas.

—Interese pola interpretación de símbolos.

—Interese polas mensaxes dos libros de contos, sexan de imaxes ou combinación de imaxes e textos curtos.

—Gusto pola comunicación escrita establecida entre as persoas implicadas no feito educativo (mediante códigos pictográficos ou palabras).

—Interese polo recoñecemento e interpretación das mensaxes escritas difundidas polos medios de comunicación: televisión, carteis, propaganda, etc.

—Gusto polo manexo autónomo de libros e interese pola súa conservación, como instrumento valioso de información e disfrute.

3.2.4. Expresión plástica.

Feitos e conceptos.

—A luz e a cor.

—Cores.

—Formas.

—Contrastes: fondo - forma.

—As producións plásticas.

—Materiais específicos e inespecíficos de uso plástico.

—Vocabulario plástico.

—As obras de arte.

Procedementos.

—Identificación de sensacións:

* Visuais.

* Táctiles.

* Olfativas.

* Auditivas.

* Gustativas.

—Discriminación sensorio - perceptiva de cores, formas, imaxes e contrastes.

—Percepción de tonalidades e matices: fabricación de novas cores.

—Discriminación das variacións de cores segundo a intensidade da luz.

—Discriminación viso - táctil de formas.

—Discriminación visual de:

* Cores.

* Formas e imaxes sobre o plano.

* Contraste fondo - forma.

—Producións plásticas espontáneas ou expresivas. Comunicación a través das creacións plásticas:

* Garabatos.

* Descubrimento da relación movementos - liñas.

* Descubrimento da relación imaxe - obxecto.

* Relación de obxectos entre si.

* Creatividade.

—Emprego de utensilios plásticos e afinamento do movemento preciso nas producións.

—Exploración e utilización de materiais específicos e inespecíficos para as realizacións plásticas.

—Utilización do vocabulario plástico básico.

—Percepción das obras de arte do contorno próximo e do menos próximo.

Actitudes, valores e normas.

—Gusto pola observación e descubrimento do mundo que se presenta ante o neno e a nena.

—Decisión e confianza cara á expresión creativa, sincera e espontánea da realidade interior, acorde co propio concepto e sensibilidade.

—Gusto pola expresión de vivencias a través de creacións plásticas.

—Interese e respecto ante as creacións dos demais.

—Hábitos de limpeza e orde en canto á conservación de utensilios de uso plástico.

—Valoración das obras de arte da zona. Gusto e pracer ante a observación das creacións plásticas dos grandes mestres.

3.2.5. Expresión rítmico - musical.

Feitos e conceptos.

—O ritmo.

—A voz como medio de comunicación (palabra/canto).

—Ruídos, sons, silencio.

—Sons corporais e instrumentais.

—Ritmos, rimas e cancións.

—Comunicación rítmica.

Procedementos.

—Descubrimento do ritmo interior e apreciación do ritmo exterior.

—Descubrimento de tódolos sons que se poden emitir coa boca.

—Escoita dos sons corporais (respiración, corazón), do contorno e da natureza.

—Discriminación de ruídos habituais.

—Interpretación de rimas e cantos do folclore popular.

—Elaboración de pareados e rimas sinxelas.

—Descubrimento do corpo como instrumento. Exploración da súa capacidade para emitir sons e ritmos corporais: palmas, xeonllos, pés e pitos.

—Producción de sons e ritmos sinxelos con instrumentos de percusión:

* Indeterminados: superficies diversas.

* Determinados: xilófono, xilotambor, etc. ou sinxelos instrumentos de vento, asubíos, pitos, etc.

—Exploración do son a partir do sopro en diferentes cavidades: botellas, tubos, etc.

—Coñecemento e uso de códigos a partir de sons e ritmos. Reproducción e lectura destes.

—Participación no canto en grupo.

—Participación en danzas sinxelas cunha axeitada coordinación de movementos e axuste rítmico acorde coa idade dos nenos.

Actitudes, valores e normas.

—Actitude de atención e relaxación diante da escoita dos sons corporais.

—Actitude de silencio cara á captación de sons da natureza.

—Desfrute ante as actividades rítmicas.

—Gusto pola comunicación grupal en actividades compartidas de canto, baile ou movementos e sons a partir do establecemento dun tempo común para tódolos nenos.

—Gusto por compoñer os propios ritmos e melodías a partir de diferentes instrumentos.

3.2.6. Expresión matemática.

Feitos e conceptos.

—Os obxectos. Atributos, relacións e coleccións: semellanza, diferenza, pertenza e non pertenza.

—Nocións espaciais.

* Orientación, direccionalidade e distancias.

—Situación no espazo:

* Arriba/abaixo; sobre/baixo; dentro/fóra; diante/detrás; cerca/lonxe; esquerda/dereita...

—A medida.

* Comparación de magnitudes.

* Unidades de medida.

• Naturais: man, pé, paso...

• Arbitrarias: cordas, cintas, recipiente...

—Cuantificadores.

* Todo/nada; poucos/moitos; un/varios, etc.

—Nocións temporais.

* Secuenciación.

* Fraccións convencionais do tempo.

—O número.

* Unidade.

* Serie.

* Cardinais e ordinais.

* Serie numérica. Os primeiros números.

—Formas e figuras xeométricas.

* Círculo.

* Cadrado.

* Rectángulo.

* Triángulo.

—Corpos xeométricos.

* Esfera.

* Cubo.

Procedementos.

—Descubrimento dos atributos dos obxectos.

—Clasificación dos obxectos atendendo ós seus atributos.

—Ordenación atendendo á posesión dun atributo.

—Seriacións.

—Percepción e verbalización dos criterios de pertenza.

—Identificación da correspondencia entre os obxectos de dúas coleccións.

—Interorización e verbalización dos comparativos: igual que, menos que, máis que.

—Ordenación de coleccións (segundo o número de obxectos): crecente ou decrecente.

—Orientación e situación do propio neno/a en relación cos demais, en relación cos obxectos e en relación a puntos estratégicos da sala.

—Situación de obxectos en relación a un mesmo e transposición ó plano das vivencias corpo - espaciais.

—Exploración de tamaños e medida de obxectos e espazos con:

* Medidas corporais: pasos, pés, palmas, etc.

* Outras medidas: cintas, cordas, regretas, etc.

—Comparación das diferentes traxectorias entre dous puntos.

—Estimación da duración de certas actividades da vida cotiá e situación destas no tempo: mañá, tarde, noite, o día, a noite, a semana, etc.

—Emprego de reloxes e calendarios para organizar a distribución de certas actividades fixas ó longo da xornada: xantar, recreo, etc.

—Construcción da serie numérica que resulta partindo dunha unidade ó ir engadindo obxectos (un por un).

—Utilización de regretas e ábacos.

—Uso da serie numérica en diferentes situacións.

—Representación cuantificadora das coleccións por medio de códigos primeiro e do cardinal despois.

—Operacións sinxelas coas coleccións de obxectos (poñer, quitar).

—Comparación entre obxectos e verbalización: máis curto, máis longo; máis grande, máis pequeno; etc.

—Recoñecemento e construcción de liñas, superficies e figuras xeométricas máis básicas.

—Exploracións manipulativas de corpos xeométricos e descubrimento das súas cualidades.

Actitudes, valores e normas.

—Gusto pola exploración de materiais e obxectos diversos.

—Interese polo coñecemento da linguaxe propiamente matemática.

—Prazer e valoración do propio esforzo na resolución de problemas prácticos da vida escolar.

—Interese pola acción propiamente matemática proposta na escola: ordenación de materiais, anotacións no calendario, etc.

4.—Estructura curricular da educación infantil.

A educación infantil comprenderá ata os seis anos de idade e organizarase en dous ciclos de tres anos cada un.

O período educativo que abrangue a educación infantil constitúe unha etapa integrada, xa que o desenvolvemento do neno e da nena é un proceso continuo no que non é doado delimitar momentos de clara diferenciación e ruptura e que, por outro lado, estes cambios non se producen de modo uniforme en tódalas criaturas.

Esta consideración non impide, sen embargo, que a educación infantil se estructure en dous ciclos, axustando os elementos principais do currículo ás características específicas de cada un deles.

Durante toda a etapa de educación infantil, pero moi especialmente no primeiro ciclo, a función educativa do centro debe estar en estreita relación coa que exerce a familia.

Tódalas actividades que se desenvolven no centro de educación infantil son educativas e formadoras e polo tanto obxecto de planificación e reflexión no marco dos proxectos e programacións curriculares. A organización do centro debe dar resposta ás necesidades peculiares que presentan os máis pequenos; por iso debe coidarse a relación entre o educador e a criatura, as condicións físicas do espazo e a calidade dos estímulos que se lles ofrece, o respecto ó ritmo persoal de cada neno e nena, e a necesaria relación coa familia.

Durante o primeiro ciclo, as pequenas e os pequenos identificaranse progresivamente como persoas individuais, irán adquirindo os primeiros instrumentos necesarios para actuar no seu contorno inmediato e sentir que as súas necesidades de hixiene, alimentación, agarimo e xogo, etc. están cubertas, así como poder expresalas progresivamente cos medios ó seu alcance para chegar a seren autónomos, nas situacións máis coñecidas.

O neno ou nena que acode por primeira vez a un centro de educación infantil pode atoparse con que algúns dos seus compañeiros estiveron xa escolarizados. Cando iso ocorre, o centro debe planificar a adaptación da criatura ó seu novo medio.

En estreita continuidade co ciclo anterior, os esforzos educativos no segundo ciclo diríxense a afianzar e ampliar as adquisicións logradas nos distintos ámbitos do desenvolvemento da nena e do neno, progresando, desta forma, nas aprendizaxes que continuamente van construíndo.

Neste segundo ciclo e no ámbito das capacidades de equilibrio persoal a imaxe que de si mesmo foi elaborando o neno ou a nena deberá facerse progresivamente axustada, aceptando as propias posibilidades e limitacións, pero sempre cunha actitude positiva, de confianza, e de máximo aproveitamento das capacidades que a nena ou o neno teñan.

En canto ás relacións persoais, este ciclo supón unha progresiva ampliación das relacións cos iguais, cada vez máis significativas e importantes para a criatura, nun contexto que irá permitindo de xeito paulatino a articulación e incipiente coordinación dos diferentes puntos de vista.

Respecto ás capacidades cognitivas e lingüísticas, prodúcese un avance importantísimo no dominio progresivo da linguaxe oral, así como na función de regulación e planificación da propia actividade.

Tamén se producen avances importantes na capacidade de inserción social, que se traduce particularmente na capacidade de sentirse membro de diversos grupos e de poder actuar de forma cada vez máis autónoma neles.

A todo isto contribúen as adquisicións sucesivas que o neno e a nena van realizando no ámbito motor, e que en absoluto son alleas ós avances xa sinalados.

5.—Orientacións metodolóxicas.

A educación infantil concíbese como unha etapa educativa na que se lle deben ofrecer ós nenos e ás nenas aquelas experiencias que lles faciliten o desenvolvemento de tódalas capacidades e aprendizaxes que lles permitan adoptar unha conducta cada vez máis autónoma.

A actuación educativa debe partir das posibilidades de razoamento e aprendizaxe da criatura, así como da súa bagaxe, é dicir, os coñecementos que xa construíu a partir das súas experiencias previas e que lle serven como instrumento de interpretación da nova información que reciba. Polo tanto o profesorado partirá da información que teña sobre os coñecementos previos do neno ou nena, tendo ademais en conta a zona de desenvolvemento próximo, que supón tomar en consideración non só os estadios xa completados senón tamén aqueles que están comezando a madurar. Deste xeito poderá ofrecerlles ós nenos e ás nenas aquelas actividades que polo seu interese poidan relacionar coas súas experiencias anteriores, contribuíndo así ó seu desenvolvemento pola significatividade que encerran.

Así mesmo as interaccións que, desde o nacemento, as criaturas establecen co medio, van facilitando a súa estruturación do pensamento, da personalidade, da moral, etc., a partir do xogo, da relación cos obxectos...

Cando se fala de medio, non só se fai referencia á dimensión físico-natural deste. No caso do neno e da nena hai que considera-la gran relevancia que xoga a interacción sociocultural. Desde o momento mesmo do nacemento incorpórase a un mundo social que se caracteriza basicamente pola existencia dos procesos interactivos. A actividade conxunta do adulto e do neno, ou entre nenos de distinto nivel favorecerán a aprendizaxe, actuando sobre a zona de desenvolvemento próximo. O aprendido en colaboración con outra persoa, poderá máis adiante ser realizado de forma independente, facilitando a maduración.

O pequeno e a pequena aprenden xogando e disfrutan aprendendo sempre que se lles permita facelo a través da súa linguaxe natural: o xogo.

Este constituirá a principal actividade infantil que pola súa significatividade será fonte importante de adquisicións por parte da criatura e recurso valioso para o profesorado á hora de deseñar as experiencias escolares.

Os aspectos afectivos e de relacións serán o fío condutor de tódalas actividades. Por tal motivo, as interaccións que se establezan entre o neno, o profesor e os outros, constituirán un obxectivo e un recurso metodolóxico de primeira orde. Neste sentido cobra especial interese o esquema organizativo e a metodoloxía empregada, que no referente ó papel do educador debe ter que ver co seu papel dinamizador, de escoita, de respecto ante o dereito que o neno e a nena teñen a equivocarse, de apoio e reforzo positivo, etc.

A oferta dunha ampla gama de materiais, non só os comerciais senón tamén aqueles que, procedentes do contorno, o pequeno e a pequena lles achegan á escola, proporcionarán múltiples oportunidades para aprender, a posibilidade de elixir libremente a opción que máis atraente lle resulte co que estamos contribuíndo ó desenvolvemento da súa acción autónoma, e á interiorización de normas e actitudes de orde se organizamola clase de xeito que os nenos e as nenas teñan acceso libre a este e a responsabilidade do seu coidado e organización.

O profesorado propoñerlles ás nenas e ós nenos secuencias de aprendizaxe desde una perspectiva globalizadora.

O enfoque globalizador establece que a agrupación dos contidos debe apoiarse máis en criterios psicolóxicos de como o neno percibe a realidade ou presenta o coñecemento dela, que dividindo en distintas categorías.

Os espacios nestas idades deben adecuarse á necesidade de exploración das nenas e nenos así como á variedade de usos que se lle poida dar ó longo da xornada. Por tal motivo o máis apropiado parece a distribución en zonas diferenciadas pola actividade ou o encontro de poucos ou moitos nenos, etc. En calquera caso, os espacios deben ser funcionais, é dicir ter moi en conta as necesidades das criaturas que acollen (as necesidades non son as mesmas para o primeiro que para o segundo ciclo).

A organización do tempo debe ser tamén moi flexible para adecuarse ós diferentes ritmos e adaptarse ás moitas e variadas necesidades dos pequenos e pequenas, no que atinxe a actividade, repouso, alimentación, etc.

A relación cos pais e coas nais nesta etapa educativa é de unha importancia decisiva cara á eficacia da actuación da escola infantil. Por tal motivo será preciso buscar aqueles medios que faciliten a necesaria comunicación e cooperación familia - escola.

Nesta cooperación inclúense todo tipo de informacións que sobre o desenvolvemento das nenas e os nenos se poidan facilitar mutuamente.

A avaliación concibida como unha reflexión activa acerca da realidade educativa diaria, desenvolverase en catro campos de actuación:

Os procesos de interacción afectiva e de comunicación efectiva entre as persoas implicadas no proceso educativo.

A optimización das condicións organizativas e dos recursos dispoñibles.

O desenvolvemento das capacidades dos nenos e as nenas.

A adecuación das programacións ás nenas e ós nenos e as súas características individuais, ó fío dos obxectivos xerais de etapa.

Esta concepción dálle á avaliación un enfoque global (en tanto que atinxe a tódolos aspectos implicados no feito educativo, coas interrelacións que entre eles se establecen); continua (porque se avalían de forma sucesiva e ó longo de todo o proceso); e formativa (porque permite ó profesorado indagar que cambios se producen cando participan con novos axustes).

A observación xunto coa información facilitada polos pais constitúen as técnicas máis axeitadas para esta etapa.

A avaliación nunca deberá reducirse a unha medida de grao ou cantidade da produción ou rendemento das nenas e dos nenos e non constituirán o «etiquetado» das criaturas. O profesor deberá ser moi prudente acerca da valoración que faga, pois dificilmente un neno ou unha nena logrará autoestimarse se presente que non é valorado ou nota que o adulto que o educa non confía nas súas posibilidades.

A intervención educativa na escola infantil debe adquirir un marcado carácter preventivo e compensador, evitando que aparezan dificultades de aprendizaxe de maneira temperá, ou paliando aqueles trastornos de desenvolvemento, xa presentes, para evitar que se intensifiquen. A importancia do papel da escola infantil neste eido, radica no feito de estar atento a posibles problemas e actuar «a tempo».

Para que esta atención sexa o máis axeitada posible, nesta tarefa concorrerán outros profesionais ademais do persoal do centro. Neste senso os apoios que os equipos psicopedagóxicos presten deben estar en relación ó proxecto educativo do centro, axudando e orientando o equipo docente en todos aqueles aspectos que afectan á organización, planificación de programacións, adaptacións curriculares, etc. e que responderá a un proxecto xeral de actuación que integre as necesidades educativas especiais de toda a comunidade educativa.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

Presidencia

Substitucións:

Decreto 1/1992, do 13 de xaneiro, polo que se acorda encargar do despacho de asuntos da presidencia, durante a ausencia do seu titular, ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Con motivo da viaxe do presidente da Xunta de Galicia a Portugal cómpre prove-la substitución durante o tempo da súa ausencia.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.

Durante a ausencia do presidente da Xunta de Galicia, con motivo da súa viaxe a Portugal, encárgaselle o despacho de asuntos da presidencia, desde o día caforce de xaneiro ata o seu regreso, ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Santiago de Compostela, trece de xaneiro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente